



Transferencia de Crédito 002-T/20 (15/20)

Expte CIVIDAS nº 2020012979

Expte relacionado nº 2020011027

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/086/2020), do 24/05/2020, refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, o 25/05/2020, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Seguridade Cidadá, en data 08/04/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de data 03/06/2020 (ref: 2T/20), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 14º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 002-T/2020, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
240.1360.21400	Repar., mantem.e conserv.de elementos de transp. Ext. Incend.	15.000,00
240.1360.21900	Repar., mantem.e conserv. Outro inmovilizado. Ext. Incendios	20.000,00
240.1350.22609	Gastos diversos. Protección Civil	10.000,00

Total Transf. Positivas: 45.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
280.1360.12101	Complemento Específico. Extinción Incendios	45.000,00 €

Total Transf. Negativas: 45.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería de Seguridade Cidadá para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

